

Coordinación de bienestar e convivencia: ASÍ NON

A CIG-Ensino solicitou a rectificación da proposta de orde pola que se regula a creación deste posto de coordinación de bienestar ao entender que a Consellaría non asume esta responsabilidade e pretende facer crer que unha persoa pode, sen redución do seu horario lectivo, facer unhas funcións inasumíbeis.

O sindicato considera igualmente que existe unha disfunción na proposta, con competencias que a día de hoxe lle corresponden ao departamento de Orientación ou á Xefatura de Estudos.

O anteproxecto de orde é un incumprimento de facto das obrigas incorporadas na Lei orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e á adolescencia no ámbito educativo.

A custe cero e sen compensación

Como xa denunciou o sindicato, a proposta da Consellaría implica asumir formalmente dunha extensa relación de funcións, entre as que están a coordinación do plan de convivencia, a resolución pacífica de conflitos, ser a referencia para toda a comunidade educativa para casos de violencia no propio centro ou na contorna, comunicar coa policía ou garda civil en caso de risco para menores, promover plans de formación para profesorado, alumnado e familias, promover unha alimentación saudábel ou accións relacionadas co tratamento ilegal de datos persoais de menores de idade.

Todo o anterior xunto coa xestión da coordinación co departamento de Orientación ou a ANPA para promover plans de formación, cando non debería ser función do profesorado nin se garante que estea formado para facelo.

E todo a custe cero, xa que non haberá ningún tipo de complemento retributivo a maiores nin redución de horario lectivo: tan só o desconto de 2 horas das complementarias fixas e dicir que se cobrará o que xa

se cobra por ter horario completo: o complemento de tutoría.

A CIG-Ensino reiterou a súa proposta feita pública a semana pasada:

1. Redución horaria de 3 horas lectivas.
2. Homologación retributiva coa xefatura de departamento e as coordinacións oficiais
3. Extensión desta figura a todos os centros e non só aos que escolarizan menores
4. Formación específica

Disfuncións e duplicidades

Por que non se recorre a un posto de nova creación con persoal especializado?

A CIG-Ensino lembrou que **a Lei permite crear un novo posto para exercer estas funcións**, tanto con profesorado do centro como **con novo persoal** que podería traballar de forma coordinada co departamento de Orientación, ou dentro del, como un posto máis para reforzalo, tendo en conta as necesidades que existen no ámbito do bienestar emocional.

Coa negativa da Consellaría bótase a perder unha oportunidade para atender esta demanda dos centros e dotar de persoal especializado no bienestar emocional e convivencia, un tema que xa era preocupante con anterioridade á pandemia mais que despois dela se agravou con casos, por exemplo, de risco de suicidio, depresión, ansiedade e todo tipo de problemas de xestión emocional.

A maioría das funcións vinculadas co bienestar están sendo desempeñadas polos DO, por estar vinculadas co seu traballo, polo que vai haber problemas de coordinación e de imposibilidade de realizar as funcións propostas para unha persoa con só 2 ou incluso 3 horas, se realmente se quere que o traballo sexa efectivo. Como vai facer a Consellaría para evitar duplicidades ou é que pretende que, de feito,

sexa a orientadora ou orientador quen se faga cargo deste traballo? **O que debe facer a administración é reforzar os departamentos de orientación.**

Vexamos algúns exemplos de duplicidades:

- Coordinar o plan de convivencia é competencia da xefatura de estudos segundo o Decreto 8/2015 de convivencia.
- Moitas das demais funcións son agora mesmo dos D.O.
- No protocolo de risco suicida as figuras de referencia son as titoras e titores, orientadores e dirección
- No protocolo de protección de datos dise que ten existir unha persoa responsábel en cada centro e nesta orde se incorpora tamén unha responsabilidade relacionada coa protección de datos para a coordinadora de benestar

Formación especializada

Se a Consellaría fai ouvidos xordos a buscar outros perfís profesionais, o que está claro é que non chega cunha formación para cubrir o expediente: precísase unha formación moi específica.

A Consellaría négase agora a recoñecer as coordinacións e xefaturas de departamento que se comprometeu a aprobar

Esta orde demostra que a proposta da CIG-Ensino de crear oficialmente novas coordinacións e departamentos sen necesidade de mudar os ROC é perfectamente factíbel, como tamén recoñeceu a propia administración na Mesa Sectorial e agora se nega a executar.

Neste sentido, a CIG-Ensino denuncia a falta de vontade da Consellaría para incorporar nesta orde, mediante unha disposición adicional, o recoñecemento a todos os efectos (redución de horario lectivo e pago de complemento) as seguintes funcións:

- Coordinacións que se prestan nos centros e que non figuran nos ROC: coordinación de Igualdade ou de programas internacionais en IES, entre outros.

- Xefatura de departamentos dunha 2ª lingua estranxeira diferente do Francés (Portugués, Alemán, Italiano)
- Xefatura de departamentos dos ámbitos comúns na FP Básica nos CIFP.
- Xefatura de departamento de ciclos de FP en Centros de Educación Especial.
- Responsábeis de centros de menos de tres unidades.

A única conclusión é que a Consellaría só está a cubrir o expediente ao que está obrigada por unha normativa estatal.

Queda claro que para quen dirixe a Consellaría ten menos valor a coordinación de benestar que unha xefatura de departamento ou outras coordinacións que a día de hoxe teñen redución de horario lectivo. A Consellaría limitouse a valorar estudar un incremento da redución horaria, que en todo caso só sería dunha hora lectiva a maiores das dúas complementarias fixas, aínda que esta medida nin sequera se afirmou con rotundidade. O máis sorprendente da argumentación da directora xeral de ordenación e innovación educativa foi que é o mesmo a redución horaria de horas lectivas que a de horas complementarias. Unha afirmación que amosa unha desconexión coa realidade do profesorado e da súa sobrecarga de traballo. Desde a CIG-Ensino insistimos na imposibilidade de realizar todas as funcións da coordinación sen reducir máis horario lectivo.

Finalmente a Consellaría infórmanos que haberá un incremento do persoal da rede de acompañamento (UACO) co que tamén “deberá coordinarse coa persoa que coordine benestar”. Desde a CIG ensino solicitamos que a convocatoria se publique canto antes para que as vacantes deste persoal que vai ter liberación total de horario se poidan cubrir no CADP. Da resposta da Consellaría parece quedar claro que isto non vai ser así.